

**LADAÍÑAS NA HONRA DE SAN XOSÉ,  
ESPOSO DA BENAVENTURADA VIRXE MARÍA**  
**Versión en galego**

Señor, ten piedade de nós.  
Cristo, ten piedade de nós.  
Señor, ten piedade de nós.

Cristo, óenos.  
Cristo, escóitanos.

Deus, Pai celestial,	ten misericordia de nós.
Deus Fillo, Redentor do mundo,	ten misericordia de nós.
Deus, Espírito Santo,	ten misericordia de nós.
Santa Trindade, un só Deus,	ten misericordia de nós.

Santa María,	roga por nós.
San Xosé,	roga por nós.
Ilustre descendente de David,	roga por nós.
Luz dos patriarcas,	roga por nós.
Esposo da Nai de Deus,	roga por nós.
Custodio do Redentor,	roga por nós.
Casto custodio da Virxe,	roga por nós.
Pai nutricio do Fillo de Deus,	roga por nós.
Celoso defensor de Cristo,	roga por nós.
Servo de Cristo,	roga por nós.
Ministro da salvación,	roga por nós.
Xefe da Sagrada Familia,	roga por nós.

Xosé xustísimo,	roga por nós.
Xosé castísimo,	roga por nós.
Xosé prudentísimo,	roga por nós.
Xosé fortísimo,	roga por nós.
Xosé obedientísimo,	roga por nós.
Xosé fidelísimo,	roga por nós.

Espello de paciencia,	roga por nós.
Amante da pobreza,	roga por nós.
Modelo dos traballadores,	roga por nós.

Gloria da vida doméstica,	roga por nós.
Custodio das virxes,	roga por nós.
Forza das familias,	roga por nós.
Apoio nas dificultades,	roga por nós.
Consolo dos desgraciados,	roga por nós.
Esperanza dos enfermos,	roga por nós.
Patrón dos exiliados	roga por nós.
Patrón dos aflixidos,	roga por nós.
Patrón dos pobres,	roga por nós.
Patrón dos moribundos,	roga por nós.
Terror dos demos,	roga por nós.
Protector da santa Igrexa,	roga por nós.

Año de Deus, que quitas o pecado do mundo,	perdóanos, Señor.
Año de Deus, que quitas o pecado do mundo,	escóitanos, Señor.
Año de Deus, que quitas o pecado do mundo,	ten misericordia de nós.

✠. Estableceuno señor da súa casa.

℞. E xefe de todas as súas posesións.

Oremos.

Oh, Deus, que na túa inefable providencia, dignácheste elixir a san Xosé por Esposo da túa Santísima Nai, pedímosche, nos concedas, que merezamos ter por intercesor no ceo ao que veneramos como protector na terra. Ti que vives e reinas por sempre eternamente.

℞. Amen.